



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A COMISIÓN DE INTERCAMBIO CULTURAL, EDUCATIVO E CIENTÍFICO ENTRE ESPAÑA E OS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA PARA O PROGRAMA DE BECAS XUNTA DE GALICIA- FULBRIGHT

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coa Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico (Comisión Fulbright) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería e a Comisión Fulbright para a prestación de servizos complementarios destinados ás persoas beneficiarias das estancias Fulbright incluídas no programa de formación do persoal investigador en réxime de contrato postdoutoral da Xunta de Galicia. Están destinadas a investigadores/as das universidades galegas interesado en completar a súa formación nunha universidade ou centro de investigación dos Estados Unidos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coordinar as universidades do SUG para conseguir mellorar a docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade, así como a realización de estudos no ámbito da docencia, a investigación, a innovación, a xestión, etc.

Estas accións esténdense ás tres universidades galegas, podendo beneficiarse os investigadores de todas elas que cumpran os requisitos, non sendo necesario promover a concorrència competitiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

